



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de
Pontevedra)

Paula Nieto Grande
(Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAL REPRESENTANTE DOS
VECÍÑOS DA CMVMC DE SAN VICENTE
DE OITAVEN (FORNELOS DE MONTES)**

M^a Jesús Lago Feijoo

SECRETARIO

José Alberto Cousido Fernández
(Funcionario adscrito ao Servizo
xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 01/03/2023 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, mediante videoconferencia a representante da CMVMC de San Vicente de Oitavén e de xeito presencial os membros restantes, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte chamado **Carballeira**, solicitado a favor da **CMVMC de San Vicente de Oitavén** (Fornelos de Montes)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- O 15.04.2020, a CMVMC de San Vicente de Oitavén, concello de Fornelos de Montes, solicita a clasificación como monte veciñal en man común (en diante MVMC) da parcela "Carballeira" a favor dos veciños da parroquia de San Vicente de Oitavén, concello de Fornelos de Montes provincia de Pontevedra:

Parcela: Carballeira

Referencia catastral:
36019A005005000001 e IVG núm.
BKHS24M1Q1SWZM9E

Superficie: 12.464 m².

Linde norte: Río de San Benito

Linde sur: concello de Fornelos de Montes, Diocese de Tui-Vigo e camiño público.

Linde leste: en investigación, Leonor Pérez Garrido, Consuelo Rodríguez



Rivas, Alfredo García Bouzón, Camilo Lorenzo Casqueiro, Armando García Bouzón e María Balbina Fernández Fernández.

Linde oeste: Camilo Casqueiro Lorenzo, Digna Fernández Casqueiro, Delfín Pérez Pérez, Manuel Fernández Bouzón e Consuelo Rodríguez Rivas.

Coa solicitude xúntase a seguinte documentación:

- Escrito do 15.04.2020 do presidente da CMVMC de San Vicente de Oitavén que expón que na Asemblea xeral do 06.12.2019 acordan solicitar a clasificación da parcela "Carballeira". Que os veciños veñen gozando e aproveitando esta parcela dende tempo inmemorial, que figuran como titulares catastrais, que se fixo o levantamento dos límites para poder representala coa máxima precisión e que se encargaron durante anos da limpeza e mantemento para evitar o seu abandono e a propagación de lumes.
- Certificado da secretaria da CMVMC de San Vicente de Oitavén coa conformidade do presidente de que na Asemblea xeral do 06.12.2019 acordan solicitar a clasificación da parcela "Carballeira".
- Informe técnico da solicitude de clasificación da parcela "Carballeira", parroquia de San Vicente de Oitavén, concello de Fornelos de Montes, Pontevedra. Asinado en abril de 2020 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm.908.
- Informe de validación gráfica catastral segundo medición topográfica. Foto catastro de rústica de 1982, certificación catastral da titularidade da parcela e fotografías da parcela.

Durante a tramitación do expediente non achegan documentación para acreditar o aproveitamento veciñal en man común por parte dos veciños da parroquia de San Vicente de Oitavén.

SEGUNDO- O 25.06.2020, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación da parcela "Carballeira" e que se atopa fóra do esbozo do estudo previo da clasificación como MVMC.

TERCEIRO- O 23.11.2020 o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda incoar expediente de clasificación da parcela "Carballeira" e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 24.11.2020 á CMVMC de San Vicente de Oitavén e ó concello de Fornelos de Montes.

CUARTO- O 16.07.2021, a xefa da Área de montes veciñais en man común de Pontevedra emite informe preceptivo do Servizo de Montes:

"(...) É un terreo cunha morfoloxía irregular, presentando unha acentuada pendente natural dende a estrada de Fornelos ó Sur e cara o Norte, onde acaba lindando co Río de San Benito. No seu interior alberga un cemiterio a nome da Diocese de Tui – Vigo, pero propiedade da CMVMC de San Vicente de Oitavén.



Na cabeceira que da a estrada de Fornelos presenta un gran noiro que ocupa unha boa parte desta cara Sur, e que está separado da estrada por un gardarraíl en todo o seu percorrido. Limitao cara o interior do mesmo, unha pista parcialmente asfaltada que lle da acceso a parcela.

Este noiro presenta algúns pes do xénero Quercus, Acacia e Castanea, estando ocupado na súa meirande parte por pes do xénero Betula. Termina nun muro de pedra duns dous metros de altura, que continua cerrando a parcela en dirección Suroeste. Neste tramo e no seu pe, o muro presenta unha presa sen limpar que non está sendo empregada. Na metade do noiro localízase encaixada unha fonte de auga potable en boas condicións de acondicionamento.

Ademais nesta cara Sur, dáse entrada a través dunha gran cancela a Igrexa parroquial de San Benito de Oitavén, da que a separa outro muro de pedra por todo este fronte de aprox. 4 m. de altura nalgúns dos seus treitos. Ten así para poder salvalo, e darlle acceso directo o cemiterio que se encontra dentro da parcela, outra pequena cancela cunha escalinata.

Na cara Leste ten un cerre cun muro de pedra menos consolidado co anterior e derruído a tramos, de entre medio metro e un metro de altura noutros treitos, lindando con parcelas particulares e acabando na ribeira do Río de San Benito.

Ó Nordeste linda cun pequeno muíño de auga, que está sen restaurar e que se abastecía de dito río.

Na cara Norte linda en todo o seu fronte coa ribeira Río San Benito, nun dos tramos mais baixo hai unha pequena presa que o soterra para deixar un pequeno paso, aparecendo o río uns metros despois bordeando todo este fronte. A ribeira do río neste fronte está separada da parcela por un pequeno muro de contención, de medio metro de altura e derruído nalgún treito.

A cara Oeste está percorrida nunha parte por un pequeno regato e noutra ten un muro consolidado de medio metro, que deixa un paso de aprox. un metro de anchura cara dentro da parcela para acceder a ela dende un camiño público asfaltado.

No seu interior a parcela está ocupada por varios pes do xénero Acacia, Castanea, Quercus, e unha pequena poboación do xénero Betula, mais abundantes segundo nos acercamos ó marxe do río.

Hai uns pes espallados de considerable porte do xénero Quercus, Cedrus, Castanea e Acacia.

Presenta tamén no centro da parcela, ocupando unha significativa superficie, un afloramento rochoso que vai dende a cara norte do cemiterio ata un camiño interior da mesma.

A parcela está limpa nunha meirande parte, no momento deste informe estábana rozando, quedando por limpar o acceso Norte e o acceso Oeste, ademais da ribeira do río.

O uso da parcela por parte dos veciños é recreativo”.

QUINTO- O 26.07.2021, o Rexistro da Propiedade de Redondela-Ponte Caldelas certifica que a finca da que se insta a clasificación non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Redondela-Ponte



Caldelas, notifícase o trámite de audiencia, publícase edicto no concello de Fornelos de Montes e no DOG o anuncio do 9 de setembro de 2021, do Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de inicio do expediente de clasificación do monte Carballeira, a favor da CMVMC de San Vicente de Oitavén, do concello das Fornelos de Montes (DOG núm,184, do 23 de setembro).

SEXTO- Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

SEGUNDO- O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

"Son montes veciñais en man común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

TERCEIRO - Revisado o expediente non se acredita de forma sólida e fidedigna o aproveitamento consuetudinario en man común da parcela pola agrupación veciñal.

Sendo coherentes co criterio fixado pola xurisprudencia e adaptado por este Xurado á hora de valorar se procede ou non a clasificación dunha determinada parcela como monte veciñal en man común, resulta esixible un maior esforzo probatorio do uso comunal, tanto histórico como actual polos veciños de San Vicente de Oitavén, tal e como se ven requirindo a outras Comunidades de Montes.

Deste xeito, e unha vez analizado con detalle o expediente de referencia, bótase en falta por exemplo, a achega documentos que acrediten os traballos de limpeza e podas realizados, fotografías de romarías ou festas que xustifiquen o uso recreativo, facturas relativas a unha posible corta de madeira, notificacións de



organismos públicos, escritos de veciños, anotacións no libro de actas da comunidade de cuestións relativas á parcela obxecto de clasificación... etc.

Entendemos, en definitiva, que tan importantes como os esforzos investidos pola parte solicitante en clarificar e delimitar a concreta extensión dos terreos a clasificar é a achega dunha mínima proba documental que sustente de xeito fidedigno a clasificación do monte como veciñal en man común.

De feito, a pretensión de clasificación que se articula polos veciños de San Vicente de Oitavén susténtase unicamente no informe de delimitación, adxunto coa solicitude inicial de clasificación na que se ben se fai referencia a usos e aproveitamentos tradicionais, non se aporta nin un só documento ou medio de proba válido que sirva de sustento a tales afirmacións.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** por unanimidade **ACORDA: NON CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte "Carballeira" a prol dos veciños da CM de San Vicente de Oitaven (Fornelos de Montes).

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de
Pontevedra)

SECRETARIO

José Alberto Cousido Fernández
(Funcionario adscrito ao Servizo
xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 28/02/2024 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** do expediente de clasificación do monte denominado **Carballeira**, solicitado a favor da CMVMC de San Vicente de **Oitavén** (Fornelos de Montes).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- Danse por reproducidos todos e cada un dos antecedentes de feito que obran na resolución ditada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra o 01.03.2023, destacando, aos efectos que agora interesan, que o motivo fundamental polo que se acordou denegar a clasificación, obedecía á falta de proba sólida e fidedigna do aproveitamento consuetudinario por parte dos veciños da parroquia de San Vicente de Oitavén sobre o monte Carballeira obxecto do presente expediente de clasificación.



SEGUNDO- Fronte a citada resolución, notificada o 22.03.2023, os interesados presentan o 14.04.2023, sen que o escrito formalmente revista a aparencia de recurso de reposición, un modelo de solicitude achegando diversa documentación acreditativa do aproveitamento consuetudinario, a destacar:

- a. Factura de traballos de poda de árbores ornamentais no entorno da Igrexa de San Vicente de Oitavén de xaneiro do ano 2020.
- b. Factura de venda de leña resultante de poda de árbores no monte Carballeira de xaneiro do ano 2020.
- c. Contrato entre a CMVMC de San Vicente de Oitavén e a empresa pública SEAGA para a súa adhesión á xestión da biomasa no marco do sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa. O contrato inclúe a referencia catastral 36019A00500500 denominada Carballeira e obxecto de clasificación como monte veciñal.
- d. Fotografías do punto de auga que está a construír o distrito forestal XVIII na parcela Carballeira, obra executada pola empresa pública TRAGSA.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición que se interpoñan fronte as súas resolucións de acordo co preceptuado no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como o artigo 12 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común que manifesta o seguinte:

"As resolucións do Xurado Provincial poderán ser obxecto de recurso de reposición perante o propio Xurado, previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei reguladora desta xurisdición"

SEGUNDO- Como cuestión preliminar, e aos efectos de centrar o debate que aquí se suscita, compre manifestar que o principal motivo tomado en consideración polo Xurado Provincial de Montes de Pontevedra á hora de denegar a clasificación do Monte Carballeira como monte veciñal en man común a prol dos veciños promotores da mesma, obedece a que non quedaba acreditado de forma sólida e fidedigna o aproveitamento consuetudinario en man común.



En concreto, e de forma máis precisa, esgrimiuse por este Xurado o seguinte:

"Sendo coherentes co criterio fixado pola xurisprudencia e adaptado por este Xurado á hora de valorar se procede ou non a clasificación dunha determinada parcela como monte veciñal en man común, resulta esixible un maior esforzo probatorio do uso comunal, tanto histórico como actual polos veciños de San Vicente de Oitavén, tal e como se ven requirindo a outras Comunidades de Montes.

Deste xeito, e unha vez analizado con detalle o expediente de referencia, bótase en falta por exemplo, a título unicamente exemplificativo, que se aporten documentos que acrediten os traballos de limpeza e podas realizados, fotografías de romerías ou festas que xustifiquen o uso recreativo, facturas relativas a unha posible corta de madeira, notificacións de organismos públicos, escritos de veciños, anotacións no libro de actas da comunidade de cuestións relativas á parcela obxecto de clasificación... etc.

Entendemos, en definitiva, que tan importantes como os esforzos invertidos pola parte solicitante en clarificar e delimitar a concreta extensión dos terreos a clasificar é a achega dunha mínima proba documental que sustente de xeito fehaciente a clasificación do monte como veciñal en man común"

Sentada esta base, e tomando como punto de partida a nova documentación aportada, debe valorarse se a mesma é suficiente para xustificar un cambio no criterio sentado sobre a petición de clasificación por parte do Xurado de Montes, e, a conclusión á que ha de chegarse unha vez analizada a mesma é positiva, é dicir, debe entenderse suficientemente acreditada a condición de veciñais do Monte Carballeira.

En apoio de tal tese, resulta especialmente significativo o contrato asinado coa empresa pública Seaga para a limpeza e eliminación de arborado nas faixas secundarias.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o instrutor propón e **O Xurado** por unanimidade dos seus membros acorda : **Estimar o recurso de reposición** presentado pola CMVMC de San Vicente de Oitavén, deixando sen efecto a resolución ditada por este Xurado con data 1 de marzo 2023 ao considerar que se dan os requisitos esixidos legalmente para a clasificación solicitada. Deste xeito, acordase **CLASIFICAR** o monte denominado **Carballeira**, a prol dos veciños da **CMVMC de San Vicente de Oitavén** (Fornelos de Montes), conforme a planimetría elaborada ó



efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución e de acordo á descrición que se reflicte a continuación:

Parcela: Carballeira

Referencia catastral: 36019A005005000001 e IVG núm. BKHS24M1Q1SWZM9E.

Superficie: 12.464 m².

Linde norte: Río de San Benito.

Linde sur: concello de Fornelos de Montes, Diocese de Tui-Vigo e camiño público.


Linde leste: en investigación, Leonor Pérez Garrido, Consuelo Rodríguez Rivas, Alfredo García Bouzón, Camilo Lorenzo Casqueiro, Armando García Bouzón e María Balbina Fernández Fernández.

Linde oeste: Camilo Casqueiro Lorenzo, Digna Fernández Casqueiro, Delfín Pérez Pérez, Manuel Fernández Bouzón e Consuelo Rodríguez Rivas.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 114.c) e 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

543400 543500 543600 543700

4685900 4686000 4686100



[Handwritten signature]

Datum ETRS89 - UTM fuso 29 EPSG: 25829	Escala 1:1.000	Marzo 2024	Clasificación do recurso de reposición do monte denominado "Carballeira"	CMVMC de Oitavén Concello de Fornelos de Montes	 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dep. Territorial de Pontevedra Servizo de Montes
---	----------------	------------	---	--	---	--